

COMUNICADOS DO XIV COLOQUIO

Após a suspensión gubernativa

O XIV Coloquio estaba orixinarimente proxectado para fins de 1976. Pero a súa celebración foi impedida por orden do gobernador civil de Pontevedra. Ante esta medida fíxose público o seguinte comunicado (30 de outubro de 1976):

A Secretaría dos Coloquios Galegos de Parroquias quer manifestar a súa mais firme protesta pola supresión, por orden gubernativa, do Coloquio XIV, que debería celebrarse do 30 de outubro ao 1 de novembro no mosteiro de Poio (Pontevedra).

O coloquio tiña como tema "O cristián ante a coiuntura política actual de Galiza". Desenvolveríase en dúas partes: 1) Análise que fan as distintas tendencias políticas presentes en Galiza sobre a coiuntura política actual da Galiza; 2) O cristián ante esta coiuntura política.

Baseamos esta protesta no seguinte:

1.—Era unha reunión de cristiáns convocada por cristiáns para tratar cousas como a cristiáns lles cumpre.

2.—A xuntanza tiña de celebrarse nun local da Igrexa, local ao que non foi posíbel chegar por impedilo as forzas da Guardia Civil mandadas polo teniente coronel Garea.

3.—Este Secretariado contaba co permiso do arcebispo Suquía.

4.—Engadimos que tamén tiñamos o permiso dos Frades Mercedarios de Poio.

5.—O gobernador civil insinuou a posibilidade de negociar a celebración da segunda parte do coloquio. Aceitar esta proposta supuña admitir que é competencia da autoridade civil determinar qué cousa é ou qué cousa non é ser cristián. Ademais da imposibilidade de ofrecer as garantías que esixía. Polo tanto rexeitamos esa posibilidade.

6.—O tema fora votado masivamente no derradeiro coloquio celebrado en xaneiro último, e quería ser unha resposta ás inquedanzas da moitos cristiáns galegos.

7.—Parécenos discriminatorio o trato recibido, cando os partidos políticos fan a súa presentación pública ante centos de persoas, e douscentos cristiáos non poden reflexionar encol da súa vida e da súa fé.

Queremos engadir que os meios empregados pola autoridade gubernativa foron desproporcionados: a) Varias parellas da Guardia Civil de Tráfico que cerraban os accesos ao mosteiro; b) Ducias de números da Guardia Civil armados que tiñan rodeado o mosteiro; c) E un número indeterminado de membros de brigada político-social.

Nós como cristiaos tiñamos do arcebispo Suquía permiso para a nosa xuntanza. Coidamos que a prohibición do gobernador civil de Pontevedra (señor Villaseñor) é unha violación do Concordato; é unha medida incoerente, contraditoria e arbitraria por parte da autoridade civil. A medida é incrivelmente regresiva, posto que é a primeira vez que se proíbe un coloquio; cumpresinalar que na época franquista celebráronse trece.

Queremos deixar constancia dos perxuizos materiais e morais da prohibición:

- Comunicóuse a prohibición a última hora do día 29.
- Viaxes inúteis de participantes de toda Galiza e coñecidos teólogos desde Madrid.
- Perxuizos materiais para os frades do mosteiro.
- E sobre todo, moitas horas de traballo previo.

O Secretariado pensa recurrir contra esta medida.

Após a celebración

Ao remate do XIV Coloquio, en Santiago, publicóuse a seguinte declaración (9 de xaneiro de 1977):

Acabamos de celebrar o XIV Coloquio Galego de Cristiaos. O tema que esta vez nos convocou foi "O cristiao ante a coiuntura política da Galiza".

Para a análise da coiuntura política de Galiza estiveron connosco representantes dos seguintes partidos políticos presentes en Galiza: Federación Socialista Galega do P.S.O.E. (Renovado), Partido Socialista Galego, Partido Comunista de Galiza, Partido Popular Galego, Partido Galego Socialdemócrata, Movemento Comunista de Galiza e Unión do Povo Galego.

Facemos constar a todos eles o noso agradecimento pola súa presenza e colaboración.

A continuación dos informes políticos fíxose unha detida reflexión sobre a coerenza entre a fé e as diversas opcións políticas. Colaboraron connosco nesta reflexión os teólogos Xulio Lois e Reyes Mate.

As conclusións xerais deste XIV Coloquio son as seguintes:

1.^a A celebración deste XIV Coloquio, despois da prohibición en Poio, en data anterior, polo gobernador civil de Pontevedra, supón un paso adiante na conquista das liberdades de reunión, expresión e asociación.

2.^a Víuse que a coerenza entre a fé e a práctica política pasa por un compromiso activo cos intereses das clases traballadoras, que hoxe se concreta, para nós, naquelas opcións políticas que loitan polo socialismo.

3.^a Consideramos incoerentes coa nosa fé todas aquelas opcións políticas e sociáis que clara ou solapadamente tenden a conservar a sociedade de clases do capitalismo.

4.^a Dada a realidade concreta do País Galego, coidamos que o noso compromiso político como cristiáos ten que levar adiante a loita polos intereses nacionais da Galiza.

5.^a En concreto, neste momento, todos os participantes neste XIV Coloquio Galego de Cristiáos pronunciámonos e comprometémonos a loitar por unha amnistía total para todos os presos e exiliados por motivos de intencionalidade política e laboral

Finalmente facemos un chamamento a todos os cristiáos da Igrexa Galega para que reflexionen sobre o que lles esixe, na súa práctica política, a chamada evanxélica a un compromiso de solidariedade cos “pobres e oprimidos”.